

**Praza número:** 24/1016

**Número de prazas:** 3

**Categoría:** Profesor/a Substituto/a

**Dedicación:** Parcial P06

**Área de coñecemento:** Economía Aplicada

**Departamento:** Economía

**Docencia:** 760G01002 *Introdución á Economía*

4524110 *Técnicas cuantitativas aplicadas ao turismo*

650G01009 *Estatística I*

**Centro:** *Facultade de Economía e Empresa*

Unha vez que se viu a proposta formulada pola Comisión encargada de xulgar o concurso para a provisión da praza enriba indicada,

Vista a renuncia formulada pola primeira persoa proposta,

Esta Reitoría, no uso das facultades que lle confire o art. 36 dos Estatutos da Universidade da Coruña, que se aprobaron por Decreto 101/2004, do 13 de maio (DOG do 26), e en aplicación do disposto no apartado 10 da normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador interino e laboral contratado, que se aproba por acordo do Consello de Goberno do 30 de abril de 2014, resolve asignar a referida praza aos concursantes **D./D<sup>a</sup>. PABLO ALONSO FERNANDEZ, JOSÉ MANUEL AMOEDO MEIJIDE e MARY ELENA SÁNCHEZ GABARRE.**

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñer demanda ante o Xulgado do Social que resulte competente conforme ao establecido nos artigos 6, 10 e 69 da Lei 36/2011, do 10 de outubro, reguladora da xurisdición social. Previamente, e con carácter potestativo, poderase interpoñer un recurso de reposición ante esta Reitoría, no prazo dun mes, de acordo co establecido no artigo 123 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE de 2 de outubro de 2015).

A Coruña, na data da sinatura electrónica

A vicerreitora de Profesorado por delegación do reitor

(RR 10/07/2024)

María Teresa López Fernández

Código Seguro De Verificación	/z5ETfgVi4UEH/n5kk+w5Q==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerreitora de Profesorado - María Teresa López Fernández	Asinado	08/10/2024 10:14:02
Observacións		Páxina	1/1
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation//z5ETfgVi4UEH/n5kk+w5Q==">https://sede.udc.gal/services/validation//z5ETfgVi4UEH/n5kk+w5Q==</a>		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

